



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 1/2022 DO PLENO REALIZADA O DÍA 9-2-2022 (PRESENCIAL)

Na biblioteca municipal do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as trece horas e cinco minutos do día nove de febreiro de dous mil vinte e dous reúnen-se, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto.

ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)
Ramón José Dopico Martínez (PP)
Juan Manuel Freire Golpe (PP)
José Otero López (PP)
Remigio Pérez Bao (PP)
José Ángel Roca Díaz (PP)

AUSENTES

Ningún

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 22-12-2021. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior.

Por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) indícase que se aproba a acta, pero que renova a solicitude de rectificación da acta do 30-12-2020, en relación á intervención do sr. Boado, tal e como veu solicitando nas últimas sesións; considera que é un agravio comparativo que outras solicitudes de rectificación se aproben sen problemas e esta non se aprobe.

Por parte do sr. Alcalde (PP) considérase que é un tema caduco, de fai máis dun ano, así como que sen ter unha solicitude escrita non pode estudarse.

Dado que non se formula ningunha alegación concreta sobre a acta do punto, en virtude do establecido no art. 91.1 do R.O.F (Real decreto 2568/1986), queda aprobada a acta da sesión extraordinaria de 22-12-2021.

2. POS+ADICIONAL 1/2022, PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS. Dáse conta do Plan POS+ Adicional 1/2022, coa convocatoria publicada



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

no BOP do 30-11-2021, conxunta coa do POS+, pero que se demorou na súa aprobación e efectividade definitiva.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2022” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022	43.425,21 €
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	43.425,21 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	XXX	XXX	0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e edu-	17.025,21 €	XXX	17.025,21 €



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

cación, -consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.			
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	18.400,00 €	XXX	18.400,00 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	6.000,00 €	XXX	6.000,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.	XXX	XXX	0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	XXX	XXX	0,00 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.	XXX	XXX	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	41.425,21 €	XXX	41.425,21 €
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comu-	XXX	XXX	0,00 €



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

nitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, informática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	2.000,00 €	XXX	2.000,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	2.000,00 €	XXX	2.000,00 €
TOTAL	43.425,21 €	XXX	43.425,21 €

2. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3. ROGOS. Na quenda de rogos o sr. Boado (BNG) propón que se poña en marcha o sistema de gravación de sesións. A sra. Cal (PSdeG-PSOE) súmase a este rogo.

Indica o sr. Deibe que é unha opción que pode ser interesante, pero que hai que adquirir unha gravadora para o secretario.

Non se realizan máis rogos nesta quenda.

4. PREGUNTAS. Na quenda de preguntas, por parte dos concelleiros da oposición, realízanse as seguintes:

1. A sra. Cal (PSdeG-PSOE) pregunta se as auxiliares do SAF cumpren estritamente as medidas de protección anti-COVID-19, coma o cambio de batas por domicilio, etc.

Contesta o sr. Deibe (PP) que si, que teñen orde de cumprir os protocolos de protección.

2. A sra. Cal recorda que o concello instalou bandas rugosas de redución da velocidade do tráfico en varios lugares, pero que non se teñen novas das solicitadas para o lugar de Penedo (Churío), polo que reitera a petición; non obstante, falará cos veciños para consensuar a ubicación da instalación.

Contesta o sr. Deibe que, unha vez resolto o tema da ubicación, non hai problema en atender a petición, pasando á lista de traballos pendentes.

3. O sr. Boado (BNG) pregunta pola aprobación da colocación dunhas bandas rugosas nos Altos de Verís, xa que hai moitos veciños en contra, principalmente por facer uso de tractores e maquinaria sen suspensión; informa que tales veciños presentaron hoxe un escrito de oposición á colocación das bandas.

Contesta o sr. Deibe que pola Xunta de Goberno Local estudarase tal petición e resolverase o pertinente.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

4. O sr. Boado pregunta polo acordo da Xunta de Goberno Local do 29-12-2021, na cal rectificáronse recibos do lixo en Lousada; considera que hai un erro nesta rectificación, xa que a vivenda non é de Prasanpenelas, que comprou a finca pero non a casa, segundo lle consta por participación nesta compravenda.

Por parte de diversos membros da Xunta de Goberno Local e do secretario infórmase de que é unha petición da recadación provincial, onde houbo un problema de dobre numeración municipal duplicada, pero que parece que hai constancia da titularidade catastral da vivenda.

Sendo as trece horas e corenta e dous minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace
O ALCALDE